



MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN)

I.- MEMORIA FUNCIONAL

De conformidade co establecido na Circular nº 5/1995, do 1 de febreiro, conxunta da extinta Inspección Xeral de Servizos e da Dirección Xeral de Orzamentos, propónse a modificación da relación de determinados postos de traballo (en adiante RPT) da Axencia Galega de Innovación.

O artigo 3.1 do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece a adscrición a esta consellería da Axencia Galega de Innovación.

A estrutura orgánica vixente da Axencia Galega de Innovación é a establecida no Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Innovación e a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG nº 34, 19 de febreiro), que determina a existencia dunha Dirección con rango de director/a xeral, e de catro Áreas: Área de Xestión, Área de Programas, Área de Servizos, Área de Centros.

A modificación que se propón ten os seguintes obxectivos:

- 1- Creación dunha praza de enxeñeiro/a en execución de sentenza xudicial.
- 2- Creación dunha xefatura de sección de xestión financeira.
- 3- Adaptar a RPT como consecuencia da modificación dos Estatutos da Axencia Galega de Innovación e a Lei de Emprego Público de Galicia.

1.- CREACIÓN DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A EN EXECUCIÓN DE SENTENZA.

O Xulgado do Social Nº 1 de Santiago de Compostela ditou sentenza nos autos do procedemento ordinario 961/2008 o 30/12/2011, nos seguintes termos: *"que debo estimar y estimo íntegramente la demanda formulada por D. Cesar Abraham Cobelo Casas, asistido por el letrado D. Jesús Vázquez Forno, contra CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DE LA XUNTA DE GALICIA, asistida del letrado D. José Liñeiro Piñeiro, y en consecuencia, debo declarar y declaro que el actor está vinculado con la XUNTA DE GALICIA, al servicio de la CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, como trabajador, con la categoría de ingeniero de telecomunicación, dentro del Grupo I, Anexo II, del IV Convenio Colectivo Único del Personal"*.

O Decreto 175/2015, do 3 de decembro establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. A resultas da mesma, acordouse que a entidade axeitada, dadas as súas competencias, para a adscrición dun traballador coa categoría de enxeñeiro de telecomunicacións, é a Axencia Galega de Innovación, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, tal e como dispón o artigo 3 do mencionado Decreto 175/2015.





De acordo co artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo e con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

Por todo o anterior, na presente modificación da RPT propónse a creación dunha praza do corpo superior da administración especial da Administración Xeral da Xunta de Galicia, escala de enxeñeiros na especialidade de enxeñaría de telecomunicacións.

Esta praza adscribírase á Área de Programas.

2.- CREACIÓN DUNHA XEFATURA DE SECCIÓN DE XESTIÓN FINANCEIRA

Unha vez aprobada a nova estrutura da Axencia Galega de Innovación, esta contempla a existencia dun Departamento de Xestión Financeira e Contratación que terá, entre outras, as seguintes funcións:

- 1- O seguimento en materia financeira da execución do orzamento.
- 2- A realización das declaracións fiscais e o cumprimento das obrigas tributarias.
- 3- O seguimento e control económico financeiro dos proxectos europeos que desenvolve GAIN.
- 4- A tramitación, seguimento e control económico-administrativo dos expedientes de contratación sometidos á normativa reguladora dos contratos do sector público, calquera que sexa o seu tipo ou forma de adxudicación, seguimento e control.
- 5- A tramitación, seguimento e control económico-administrativo dos expedientes de Compra Pública Innovadora.

Polo anterior, é necesaria a creación dunha xefatura de sección que proporcione apoio inmediato á xefatura de departamento.

3.- ADAPTACIÓNS

3.1.- Adaptación da RPT ao novo decreto de estrutura de Gain (en tramitación).

A modificación do decreto de estrutura que actualmente tramita Gain supón a creación de dous departamentos:

- Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas (Castro de Rei-Lugo), dependente directamente da dirección da Axencia.
- Departamento de xestión financeira e contratación, dependente da Área de Xestión.

3.2.- Códigos de posto

Todos os códigos de posto da RPT que se propón para a súa aprobación, modifican os díxitos iniciais, de tal xeito que se suprimen as letras IN e IN.C03 e se substitúen por EI.A11, por consideralo máis acorde á denominación da actual Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Axencia Galega de Innovación.





3.3.- Cambios de centro destino.

Co fin de acadar unha mellor redistribución do persoal e adaptalo a nova estrutura da Axencia tamén se ven modificados determinados postos de traballo que pasan dunha unidade administrativa a outra, sen que iso supoña en ningún caso cambio de localidade. No Anexo I desta memoria, aparecen reflectidas estas modificacións de situación de prazas.

3.4.- Cambios na forma de provisión.

Denominación do posto que se propón na nova RPT	Novo Código do posto	Forma de provisión actual	Forma de provisión proposta nova RPT
Xefatura Departamento de xestión de axudas	EI.A11.00.001.15770.020	LD	CE
Xefatura Departamento de Xestión Económica e Orzamentaria	EI.A11.00.001.15770.040	LD	CE
Xefatura Departamento Xestión Financeira e Contratación (novo posto)	EI.A11.00.001.15770.060	--	CE
Xefatura Departamento de Xestión de Innovación	EI.A11.00.002.15770.020	LD	CE
Xefatura Departamento de Servizos e Observatorio da Innovación	EI.A11.00.003.15770.020	LD	CE
Xefatura Departamento de Programación de Centros	EI.A11.00.004.15770.020	LD	LD
Xefatura Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas (nova creación)	EI.A11.00.000.15770.020	--	LD
Xefatura da Sección de Habilitación e Tesourería	IN.C03.00.001.15770.035	Concurso	CE

Na anterior táboa amósanse os postos de Xefatura de Departamento aos que a RPT vixente lles esixe como forma de provisión libre designación. Adáptanse os postos á normativa en vigor.

O posto de Xefatura de departamento de programación de Centros dependente da Área de Centros mantén como forma de provisión a de libre designación.

Entendese que este posto concorre en criterios de excepcionalidade xa que a persoa que ocupa o posto asume funcións de especial responsabilidade por tratarse o Cis Tecnoloxía e Deseño dun centro con características singulares.





Considéranse de especial responsabilidade os postos que teñan atribuída a función de dirección e responsabilidade dos centros dependentes da Xunta de Galicia:

- Centro de investigación e innovación en que se desenvolvan proxectos que poidan supoñer unha vantaxe competitiva para Galicia.

A Xefatura Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas ten dependencia directa da Dirección da Axencia, motivo polo que a forma de provisión é a libre designación.

A xefatura da sección de habilitación xustifícase en que ten encomendados todos os pagos da Axencia Galega de Innovación e esta conta con tesourería propia.

3.5.- Cambios no Corpo/ Escala.

Defínense, e nalgún caso amplíase, a especialidade nos postos de enxeñeiros de funcións facultativas, que na RPT vixente aparecen como "especial".

Os postos denominados "xefatura departamento xestión da innovación" e "xefatura do departamento de servizos e observatorio da innovación", que na actual RPT están definidos no apartado de corpo/escala como "xeral/especial", pasarían a definir máis concretamente a especialidade en función das necesidades dos postos.

3.6.- Modificacións dos nomes de postos.

A "xefatura de sección de proxectos de investigación" na nova RPT pasaría a depender do novo Departamento de xestión financeira e contratación polo que cambiaría o nome pasando a chamarse "xefatura da sección de contratación".

A "xefatura de sección técnica" na nova RPT pasaría a depender da Área de Xestión, concretamente do Departamento de axudas, motivo polo que pasa a chamarse "xefatura de xestión de axudas".

O posto "xefe/a de negociado de xestión económica" pasaría ao departamento de xestión de axudas e modificaría o seu nome por "xefatura de Negociado I".

3.7.- Posto de enxeñeiro/a de funcións facultativas

O titular do posto denominado enxeñeiro/a de funcións facultativas, Abelardo Nimo Silva, con código vixente IN.C03.00.001.15770.005, cesou no dito posto ao ser nomeado como funcionario do corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros/as industriais (Orde da Consellería de Facenda do 30 de setembro de 2015 (DOG nº.195, do 13 de outubro de 2015), deixando vacante dito posto.

Polo tanto, na RPT proposta desaparece a observación "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo".





II.- MEMORIA ECONÓMICA

A estrutura orgánica vixente da Axencia Galega de Innovación é a establecida no Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Innovación e a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG nº 34, 19 de febreiro), que determina a existencia dunha Dirección con rango de director/a xeral, e de catro Áreas: Área de Xestión, Área de Programas, Área de Servizos, Área de Centros e cinco Departamentos (Departamento de Xestión de Axudas, Departamento de Xestión Económica e Orzamentaria, Departamento de Xestión da Innovación, Departamento de Servizos e Observatorio Innovación e Departamento de Programación de Centros).

A RPT vixente de Gain é a aprobada nos acordos co Consello da Xunta de Galicia do 15 de abril de 2010 (DOG núm. 78, 27 de abril) e 5 de xuño de 2014 (DOG núm. 108, 9 de xuño), herdada en gran parte da desaparecida Dirección Xeral de I+D+i.

Tal e como se detalla no apartado I "memoria funcional", a modificación da RPT que se propón ten como obxectivos principais os seguintes:

- 1- Creación dunha praza de enxeñeiro/a en execución de sentenza xudicial.
- 2- Creación dunha xefatura de sección de xestión financeira e contratación.
- 3- Adaptación e actualización da RPT á nova estrutura da Gain.

1.- Valoración económica

A modificación proposta implica a creación de 2 novos postos de traballo, un deles en execución de sentenza, con un coste, incluída a Seguridade Social, de cento nove mil cento dezaseis euros con trinta e tres céntimos (109.116,33 €), de acordo co seguinte desagregamento:

Táboa I- Postos de nova creación				
Denominación do posto actual	Tipo Posto	Nivel	Subgrupo	Custo estimado
Xefatura de Sección de xestión financeira e contratación	Funcionario	25	A1	52.823,90
TOTAL				52.823,90





Para o financiamento da praza de xefatura de sección de nova creación propónse a amortización dos postos que de seguido se relacionan e cuxa cobertura non resulta imprescindible para o desenvolvemento das competencias da Axencia Galega de Innovación:

Táboa II - Postos a amortizar			
Liña	Denominación	Código	Custo
4165	Posto base Subgrupo A2	IN.C03.00.000.15770.008	36.788,94
4165	Posto base Subgrupo C2	IN.C03.00.000.15770.018	26.387,39
TOTAL			63.176,33

Táboa III- Posto de nova creación en execución de sentenza				
Denominación do posto actual	Tipo Posto	Nivel	Subgrupo	Custo estimado
Enxeñeiro/a Función Facultativas	Funcionario	26	A1	56.292,43

Para dotar de crédito a praza de enxeñeiro/a de funcións facultativas que se crea en execución de sentenza, tramitouse unha modificación orzamentaria nos termos indicados no artigo 8 da Lei 2/2018, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. De acordo coa alínea Un letra c) dese artigo, non poderán tramitarse expedientes de transferencias de crédito que atinxan os capítulos VI e VII cando deles derive incremento do gasto corrente pero esa restricción non será aplicable cando os incrementos do capítulo I se deriven do cumprimento de sentenzas xudiciais firmes ou autos de obrigada execución, motivo polo cal realizouse unha transferencia desde a aplicación orzamentaria 2019.09.A3.561A.640 por importe de 39.803,73€ para os meses que restan do exercicio de 2019, e consolidable para exercicios futuros pola cantidade de 56.292,43€.





2.- Diferenza amortizacións/creacións

Comparando as táboas I e II pódese observar que a amortización de postos é suficiente para dotar orzamentariamente a creación dos postos sinalados, quedando un remanente de 10.352,43 €.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar





ANEXO

Personal funcionario

Código do posto	Denominación	Nivel	Ubicación actual	Ubicación nova RPT
IN.A11.00.000.15770.022	posto base subgrupo A1	20	Dirección	Área de Xestión
IN.A11.00.000.15770.025	posto base subgrupo A1	20	Dirección	Área de Xestión
IN.C03.00.002.15770.033	Sección de Xestión Técnica	25	Área de Programas	Área de Xestión/ Departamento de Xestión de Axudas
IN.C03.00.001.15770.004	Enxeñeiro/a funcións facultativas	26	Área de Xestión	Área de Programas/Departamento de Xestión da Innovación (SEGAPI)
IN.C03.00.001.15770.005	Enxeñeiro/a funcións facultativas	26	Área de Xestión	Área de Programas/Departamento de Xestión da Innovación (SEGAPI)
IN.C03.00.001.15770.006	Enxeñeiro/a funcións facultativas	26	Área de Xestión	Área de Programas/Departamento de Xestión da Innovación (SEGAPI)

Personal Laboral

Código do posto	Denominación	Grupo	Categoría	Ubicación actual	Ubicación nova RPT
IN.A11.00.004.15770.102	Tituulado/a Superior	I	4	Area de centros	Dirección
IN.A11.00.003.15350.101	Tituulado/a Superior	I	4	Área de Servizos	Área de Centros
IN.A11.00.003.15350.102	Tituulado/a Superior	I	4	Área de Servizos	Área de Centros
IN.A11.00.003.15350.103	Tituulado/a Superior	I	4	Área de Servizos	Área de Centros

